

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Pleno 02/07/2015: Acordos relativos aos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, as súas retribucións, réxime de dedicación, e fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións

ANUNCIO

De conformidade co establecido no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por medio do presente anuncio dáse publicidade aos acordos adoptados pola Corporación municipal en pleno, en sesión extraordinaria de data 2 de xullo de 2015, respecto da determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, as súas retribucións, réxime de dedicación, así como fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións, acordos que se transcriben integramente a continuación:

“Primeiro: Determinar os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva cos dereitos e as obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual (sen ter en conta a antigüidade a abonar por a administración de orixe en caso de servizos especiais) seguinte:

- Concellería da Área de Urbanismo e Medio Ambiente: 40.000 €
- Concellería da Área de Benestar Social e Educación: 40.000 €
- Concellería da Área de Cultura e Tradicións populares: 27.000 €
- Concellería da Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do tempo libre: 24.000 €
- Concellería da Área de Desenvolvemento Socioeconómico: 24.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos correspondentes ás Políticas de Igualdade, Muller e Familia, integrados na Área de Benestar e Educación : 24.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos correspondentes ás Políticas de Terceira Idade e Acción Voluntaria, integrados na Área de Benestar e educación: 24.000 €

Segundo: Determinar o seguinte cargo da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación parcial, cunha dedicación mínima de 32 horas semanais, preferentemente de 8:30 a 15:00 horas, de luns a venres, e coa retribución bruta anual seguinte:

- Alcalde-presidente: 32.000 €

Terceiro: As retribucións dos concelleiros estarán suxeitas ás variacións que se fixen para o persoal das administracións públicas na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Cuarto: Os membros da Corporación que non teñan dedicación parcial percibirán pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte as seguintes contías:

- Plenos: 200 €
- Comisións Informativas: 150 €
- Xunta de Voceiros: 100 €
- Xunta de Goberno Local: 250 €
- Mesa de Contratación: 60 €

A asistencia a varias sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas, Xunta de Voceiros e Mesa de Contratación que teñan lugar nun mesmo día, computaranse como unha soa asistencia.

Quinto: Os membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Terán, así mesmo, dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón de servizo.

En todo caso, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no Real decreto 462/2002 e demais normativa estatal vixente na materia.

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publíquense integramente no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os anteriores acordos.”

Cambre, 7 de xullo de 2015

O alcalde

Óscar A. García Patiño

2015/7401